



*10.—Instalación de electricidade:*

10.1. Instalación de electricidade: ..... 1.987,00 €/Viv

*11.—Instalación de calefacción:*

11.1. Instalación. Mínimo ata 100 m2: ..... 3.804,15 €/Ud  
13,87 €/m<sup>2</sup>

*12.—Pozos:*

12.1. Pozo de barrena: ..... 1.314,14 €/Ud

*13.—Varios:*

13.1. Ocupación vía publica con materiais de construcción, escombros, vallas, andamios, etc.,:  
0,32 €/m<sup>2</sup>/dia (mínimo 10,65 €/dia)

13.2. Grúas, etc.: 0,60 €/m<sup>2</sup>/dia (mínimo 10,65 €/dia)

*Nota:* No caso de que unha obra non atope un encadre directo nas distintas aquí tipificadas, aplicaráselle a tarifa que máis se aproxime por identidade de razón entre os supostos tipificados neste anexo, salvo que o suxeito pasivo aduza razóns suficientes para desestima-la valoración realizada.

### **DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA**

A presente modificación parcial da ordenanza reguladora do ICIO, aprobada polo Pleno do Concello de Campo Lameiro, en sesión celebrada en data 26 setembro de 2012, entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor até que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

### **2.—APROBACION ONDENANZA REGULADORA VENTA AMBULANTE CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO.**

Ao non se ter presentado reclamacións no prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial aprobatorio da Ordenanza municipal reguladora da Venda Ambulante de Campo Lameiro, cuxo texto íntegro se fai público, para xeral coñecemento, e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

#### **ARTIGO 1. OBXECTO**

A presente ordenanza ten por obxecto a regulación da venda ambulante ou non sedentaria que se realiza por comerciantes, de forma habitual, ocasional, periódica ou continuada, fóra de establecemento permanente, con instalacións desmontables, transportables ou móveis, incluíndo os camións tenda, en lugares e datas previamente autorizados no termo municipal de Campo Lameiro.

A devandita ordenanza apróbase en cumprimento do disposto nos artigos 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 1.2 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais; na Lei 1/1996, do 5 marzo, de regulación das actividades feirais de Galicia, na Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, no Real decreto 199/2010, do 26 de febreiro, polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria. Así mesmo, tivéronse en conta os principios da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

#### **ARTIGO 2. MODALIDADES**

O exercicio da venda ambulante ou non sedentaria poderase realizar nalgunha das seguintes modalidades:



Venda en mercados periódicos. Venda ambulante en mercados periódicos: é aquela autorizada nos mercados sitos nos lugares determinados por este Concello nesta Ordenanza, cunha periodicidade habitual establecida. En concreto, será a realizada na Praza do Concello os días 4 e 20 de cada mes.

Venda en mercados fixos.: É aquela autorizada en lugares anexos aos mercados municipais ou de abastos, con instalación permanentes. En concreto, será a regulada no Regulamento do Mercado Municipal de Abastos, ao que se remite a súa regulación.

Venda en postos desmontables instalados na vía pública. É aquela autorizada en lugares e períodos determinados polo Concello.

Venda en mercados ocasionais. É aquela autorizada en mercados esporádicos, que teñan lugar con motivo de festas, feiras ou acontecementos populares. Terán esta consideración as actividades de venda ambulante realizadas nas festas populares e romaría realizadas no termo municipal

Venda mediante camións ou vehículos-tenda. Será autorizada en lugares e períodos determinados. Á venda ambulante realizada mediante vehículo-tenda se permitirá cando se axuste ao previsto na presente ordenanza e na Lei de ordenación do comercio interior de Galicia, nos núcleos de poboación do Concello, sempre e cando se trate de produtos dos que a poboación, en cada caso concreto, non estea abastecida.

A presente ordenanza seralles de aplicación subsidiaria, á falta dunha normativa expresa debidamente aprobada polo Concello, ás modalidades de venda que a seguir se citan:

Aos mercados, cos postos de venda non fixos, que se organicen co gallo de festas locais ou acontecementos populares de carácter anual.

Á venda organizada co gallo de acontecementos deportivos, musicais e similares, sempre que foren produtos directamente relacionados co evento de que se trate e se leve a cabo exclusivamente no transcurso destes.

Á venda realizada por organismos ou entidades legalmente recoñecidas, que non teñan ánimo de lucro, e que persigan obxectivos políticos, sindicais, relixiosos ou cívicos relacionados coa consecución das súas finalidades específicas.

Ás realizadas co gallo de eventos expositores ou de promoción de actividades de carácter cultural, tales como feiras do libro ou semellantes.

### **ARTIGO 3. TIPO E DURACIÓN DA AUTORIZACIÓN.**

A autorización que se conceda é transmisible, sen que esta circunstancia afecte ó período de vixencia da mesma. Poderá exercer a actividade comercial ambulante, en nome do titular da autorización, o/a cónxuge ou persoa unida a este en análoga relación de efectividade, fillos e empregados con contrato de traballo e dados de alta na Seguridade Social.

Cando o ejercicio corresponda a unha persoa xurídica, se baixo unha mesma titularidade opera máis dunha persoa física, deberá existir unha relación contractual, ou ben unha relación de servizos, documentalmente xustificable entre o titular e a persoa que leve para ese efecto a actividade comercial.

As autorizacións outorgaranse por tempo determinado, sendo o seu prazo máximo de duración 5 anos prorrogables de forma expresa por idénticos períodos.

Nos casos en que se autorice o comercio en espazos de celebración de festas populares, ou en épocas estivais, a autorización limitarase ó período de duración que se estableza na autorización de venta.

Para o exercicio da venda ambulante esixirse o cumprimento dos seguintes requisitos:

Estar dado ou dada de alta no epígrafe e ó corrente no imposto de actividades Económicas. En caso de estar exentos, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios.

Estar ó corrente no pago das cotizacions da Seguridade Social.

Estar ó corrente das obrigas tributarias e fiscais co Concello de Campo Lameiro, e no pago das taxas municipais correspondentes.



Cumprir os requisitos das regulamentacións de cada tipo de produtos.

Estar en posesión, de ser o caso, do certificado acreditativo de ter recibido formación en materia de manipulación de alimentos.

Dispôr dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, fosen esixibles, se se trata de persoas estranxeiras.

As persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes aspectos: o CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa.

Dispôr de seguro de responsabilidade civil con cobertura dos riscos da actividade comercial desempeñada.

### *ARTIGO 4.—SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN.*

A solicitude e autorización poderá facerse en calquera momento do ano a partir da entrada en vigor de esta ordenanza, sendo o prazo de resolución do procedemento de 2 meses a contar dende o día seguinte da presentación das solicitudes, transcorrido o cal os interesados poderán entender desestimada a súa solicitude. En ningún caso o procedemento poderá esixir o deber de residencia no municipio como requisito de participación.

As persoas físicas ou xurídicas que vaian exercer a venda ambulante presentarán a súa solicitude conforme ao modelo previsto no Anexo I da presente ordenanza na que se achegue unha declaración responsable na que se manifeste o cumprimento dos requisitos previstos no art. 7 desta ordenanza.

No caso de que a ubicación solicitada interfira na circulación, poida provocar molestias aos usuarios da vía na que se instale, ou non garanta en todo caso a lei de accesibilidade da Comunidade autónoma de Galicia, será rexeitada propónolle unha ubicación alternativa ao solicitante.

Unha vez concedida a autorización municipal o concello poderá exercitar as oportunas facultades de comprobación, control e inspección sobre o adxudicatario solicitando, entre outros, os seguinte documentos:

Documentos acreditativos da identidade e do solicitante.

Documentos acreditativos de estar dado de alta no réxime da Seguridade Social que corresponda.

Documento acreditativo de estar dado de alta no epígrafe fiscal do IAE correspondente.

Copias dos contratos de traballo que acrediten a relación laboral das persoas que vaian desenvolver a actividade en nome do titular, sexa este persoa física ou xurídica. As sociedades cooperativas entregarán certificado de incorporación como socio traballador expedida polo Secretario da mesma ou persoa con poderes na entidade e copia do TC 1 e 2 do solicitante.

Xustificación de estar en posesión do carné de manipulador de alimentos (se é o caso), expedido pela Consellería competente, conforme á normativa vixente.

Documentación acreditativa da subscrición do seguro de responsabilidade civil, que cubra calquera clase de risco derivado do exercicio da actividade comercial.

Xustificación de ter a disposición do consumidor as correspondentes follas de reclamación.

### *ARTIGO 5. AUTORIZACIÓNS*

Corresponderalles aos concellos determinar a zona de localización para o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria, fóra da cal non se poderá exercer a actividade comercial. Os postos de venda ambulante ou non sedentaria non se poderán situar nos accesos a edificios de uso público, establecementos comerciais e industriais, nin en lugares que dificulten o acceso e a circulación.

1.—A venda ambulante desenvolverase con carácter xeral no mercado periódico que se sitúa na praza do Concello e mais na estrada de Codeseda, os días 4 e 20 de cada mes.

2.—O mercado ha durar dende as 8.00 ás 15.00 horas, ambas as dúas incluídas.



3.—Fóra destas zonas só se autorizarán situacións de carácter excepcional por festas, acontecementos singulares, ou en períodos estivais nas zoas de espallamento público ou de lecer, así como aqueloutros que se refiran a produtos de temporada (xeados, castañas, churros, etc.) ou vencellados a unhas determinadas datas (flores nas proximidades de cemiterios, etc.)

4.—A venda directa realizada polos labregos dos seus propios produtos pode ser autorizada polo Concello tanto nos mercados periódicos como nos ocasionais.

Para cada localización concreta e por cada unha das modalidades de venda ambulante ou non sedentaria que o comerciante se propoña exercer, deberá solicitar unha autorización, que será outorgada polo concello respectivo.

A autorización para o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria terá unha duración limitada. O concello fixará a duración da autorización para o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria.

A autorización será transmisible logo da comunicación á Administración competente. As administracións públicas poderán comprobar e inspeccionar, en todo momento, os feitos, actividades, transmisións e demais circunstancias da autorización concedida, e notificará, se é o caso, aos órganos autonómicos de defensa da competencia os feitos dos cales teñan coñecemento no exercicio das súas funcións que poidan constituír unha infracción da lexislación de defensa da competencia.

A autorización debe definir os seguintes parámetros:

Nome e apelidos ou denominación social, domicilio e DNI/CIF do titular da autorización.

Modalidade de venda ambulante que se autoriza.

Determinación dos artigos que poden ser obxecto de comercialización, especificando as condicións particulares de hixiene ou seguridade especialmente necesarias para o caso.

Determinación dos lugares e dimensións, así como dos días, horario e frecuencia para os que se autoriza o exercicio da venda ambulante.

Determinación do número de persoas habilitadas para a venda baixo a dependencia do titular da autorización.

Referencia á obriga de coñecer e cumplir a normativa xeral de ordenación do comercio, a disciplina do mercado e a protección do consumidor.

Condicións particulares ás que, se é o caso, quede suxeito o titular da autorización.

Período de vixencia da autorización.

O titular da autorización de produtos de alimentación e herbodietética deberá, adicionalmente, cumplir os requisitos que impón a normativa sanitaria.

O Concello poderá revogar unilateralmente a autorización en caso de incumprimento da normativa.

### ARTIGO 6. PRODUTOS OBXECTO DE VENDA

As autorizacións deberán especificar o tipo de produtos que poden ser vendidos.

Só poderá autorizarse a venda de produtos perecedoiros e de alimentación cando se cumplan as condicións sanitarias e hixiénicas que establece a lexislación sectorial sobre a materia para cada tipo de produto.

En concreto, as persoas que carezan do carné de manipulador de alimentos non poderán vender alimentos.

Non se poderán vender aqueles produtos que prohíbe a normativa reguladora de acordo co establecido no art. 8 do Real decreto 1010/1985.

O Concello poderá non autorizar en determinados momentos a venda de produtos que poidan ser prexudiciais para a saúde pública ou cando a normativa específica así o estableza.



### ARTIGO 7. INFORMACIÓN

O comerciante deberá ter expostos para o público e para as autoridades que realicen actuacións inspectoras, de forma facilmente visible:

- Os datos persoais.
- A autorización municipal.
- Un enderezo para a recepción das posibles reclamacións durante o exercicio da actividade.

No caso de venda ambulante mediante camións ou vehículos-tenda e de postos desmontables cubertos, a identificación e o domicilio do comerciante deberá figurar tamén nas portas ou bandas laterais daqueles, ben sexa impresos directamente ou mediante carteis adheridos, e coas dimensións e carácteres necesarios para que resulten perfectamente visibles para o público.

### ARTIGO 8.—OBRIGAS

Os vendedores ambulantes deberán cumplir no exercicio da súa actividade mercantil a normativa vixente en materia de exercicio do comercio e da disciplina do mercado, así como responder dos produtos que vendan, todo isto de acordo co establecido polas leis e demais disposicións vixentes.

A venda ambulante exercerase en postos de venda desmontables ou transportables ou en camións ou vehículos-tenda que ofrezan as condicións de seguridade e de hixiene esixidas pola normativa específica vixente.

Queda prohibida a instalación dos postos na saída dos edificios públicos ou outros establecementos con afluencia masiva de público.

O titular da solicitude adquire a obriga de deixar libre, limpo e expedido o espazo ocupado ó remate da súa actividade. A incumprimento desta obriga pode ser causa de rescisión da autorización concedida.

### ARTIGO 9.—REXIMEN SANCIÓNADOR

Corresponde ao concello de Campo Lameiro a inspección e sanción das infraccións, previa instrución do correspondente expediente, derivado do exercicio da actividade comercial ambulante segundo a presente Ordenanza. Cando se detecten infraccións de índole sanitaria, o concello dará conta inmediata á autoridade que corresponda.

As infraccións clasifícanse en:

#### 1. INFRACCIONES LEVES:

- a) Incumplir o horario autorizado.
- b) O emprego de todo tipo de dispositivo sonoro con fins de propaganda, reclamo, aviso ou distracción.
- c) Non ter exposta ao público, en lugar visible, a autorización municipal mercancías.
- d) Non exhibir os prezos de venda ao público das mercancías.
- e) Non ter a disposición dos servizos de inspección as facturas e comprobantes de compra dos produtos obxecto de comercio.
- f) Non ter a disposición dos consumidores e usuarios as follas de reclamación.
- g) Non proceder á limpeza do posto, unha vez finalizada a xornada.
- h) A venda de produtos distintos aos autorizados.
- i) Calquera outra sanción ou omisión que constitúa incumplimento dos preceptos desta ordenanza e que non estea tipificada como infracción grave ou moi grave.

#### 2. INFRACCIONES GRAVES:

- a) Exercer a actividade sen autorización municipal.



- b) A instalación do posto en lugar non autorizado.
- c) Incumprir calquera das condicións impostas na autorización para o exercicio do comercio ambulante.
- d) O exercicio da actividade por persoa distinta da autorizada.
- e) Non estar ao corrente do pago das taxas municipais para a instalación do posto.
- f) Incumprimento das normas hixiénico-sanitarias.
- g) A negativa a fornecer información á autoridade municipal, funcionarios e axentes en cumprimento das súas funcións.

### 3. INFRACCIÓNES MOI GRAVES:

- a) A reincidencia en infracciónes graves. Enténdese que existe reincidencia pola comisión no termo dun ano de máis dunha infracción grave, cando así sexa declarado por resolución firme.
- b) A resistencia, coacción ou ameaza á autoridade municipal, funcionarios e axentes.

### ARTIGO 10. SANCIÓNES

1.—As sancións aplicables serán as seguintes:

- a) Por infracciónes leves, apercibimento ou multa de ata 300 euros.
- b) Por infracciónes graves, multa de 300 a 1.000 euros.
- c) Por infracciónes moi graves, multa de 1.000 a 3.000 euros.

2. As sancións se graduarán en función dos seguintes criterios:

- a) Volume de facturación ao que afecte.
- b) Contía do beneficio obtido.
- c) Grao de intencionalidade.
- d) Prazo de tempo durante o que se veu cometendo a infracción.
- e) Natureza dos prexuízos causados.

3. Será compatible coa sanción o comiso da mercancía non autorizada, así como o comiso da mercancía falsificada, fraudulenta, ou non identificada que puidese entrañar risco para o consumidor.

### ARTIGO 11. PRESCRIPCIÓN DAS INFRACCIÓNES

As infracciónes reguladas na presente ordenanza prescribirán aos tres anos, as cualificadas como moi graves; aos dous anos, as cualificadas de graves e aos seis meses, as cualificadas como leves.

### DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

As normas contidas nesta ordenanza son complementarias, neste municipio, á Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, ao Real decreto 199/2010, do 26 de febreiro, polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria, e á Lei 1/1996, do 5 de marzo, de regulación das actividades feirais de Galicia, quedando derrogadas ou modificadas polas normas regulamentarias ou outras disposicións de desenvolvemento ou complementarias que se diten de agora en diante, en canto se opoñan a ela.

### DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA

Esta ordenanza, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno do Concello nunha sesión realizada o día 26 DE SETEMBRO DE 2012 entrará en vigor aos quince días da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, de conformidade cos artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.



**SOLICITUDE E DECLARACIÓN RESPONSABLE VENDA AMBULANTE  
CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO (PONTEVEDRA).**

SOLICITANTE \_\_\_\_\_ DNI/CIF \_\_\_\_\_

Domicilio \_\_\_\_\_

O abaiixo asinante, declara que ao inicio da actividade de venta ambulante, para a que solicita autorización comprométese a estar en posesión da documentación que acredite o cumprimento de todos e cada un dos requisitos esixidos na lexislación vixente e comprométese a manter o cumprimento de estes requisitos durante toda a vixencia da autorización.

Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos:

**PERSOAS FISICAS:**

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia para os cidadáns comunitarios ou tarxeta de residencia e permiso de traballo para os non comunitarios.
- Certificación de estar dado de alta no Imposto de Actividades Económica con indicación do epígrafe fiscal, nos casos que proceda, e declaración de alta no censo de obrigados tributarios.
- Fotocopia do documento de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e certificado que acredite atoparse ó corrente no pagamento das obrigas coa Seguridade Social.

**PERSOAS XURÍDICAS**

- Fotocopia do CIF/Fotocopia da Acta de Constitución/Fotocopia dos Estatutos.
- Fotocopia da escritura de apoderamento outorgada a favor da persoa que asine a solicitude en representación da sociedade.
- Fotocopia do documento de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e certificado que acredite atoparse ó corrente no pagamento das obrigas coa Seguridade Social.
- Certificación de estar dado de alta no Imposto de Actividades Económica con indicación do epígrafe fiscal, nos casos que proceda, e declaración de alta no censo de obrigados tributarios.
- Fotocopia do documento oficial de identidade da persoa que exerce a actividade.
- Copia do TC2 que acredite o pagamento das obrigas a Seguridade Social e no que conste o traballador que exerce a actividade.

Considerando reunir os requisitos que se precisan, que se acreditarán coa documentación cando sexa requirida, e con plena aceptación de tó dolos termos expresados na Ordenanza Reguladora de venda Ambulante do Concello de Campo Lameiro, e dentro do prazo establecido.

**S O L I C I T O :**

**AUTORIZACIÓN DE VENDA AMBULANTE NO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO**

Campo Lameiro a .... de ..... de 201....

Sr. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

**3.—MODIFICACIÓN ANEXO ORDENANZA FISCAL DA TAXA POR SERVIZOS  
DE SUBMINISTRO E DISTRIBUCIÓN DE AUGA.**

Modificar o anexo da Ordenanza Fiscal da taxa por servizos de subministro e distribución de auga, quedando fixadas as cuotas da seguinte forma:

**A) CUOTAS  
CUOTAS XERAIS**

Cuota servizo vivendas .....	15 euros/ano
Cuota servizo industrias parque e. A Facha .....	140 euros/ano
Obras en construción .....	180 euros/ano.